

Recomendación dirixida ao Concello de Monforte de Lemos debido aos ruídos dos locais e a xente nunha rúa de Monforte

Expediente: C.6.Q/20687/17

Relacionado co Q/14309/17

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Sr Alcalde :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia de escrito presentado por [REDACTED], residente na rúa Duquesa de Alba ..., de Monforte de Lemos.

Na súa queixa esencialmente indicaba a imposibilidade de descansar na súa vivenda polos ruídos provocados polos locais de ocio da zona, dos que algúns deles non pechan antes das 6:00 da mañá e con música, e algún deles pecha ás 4:30 da maña e volve a abrir outra vez ás 6:00, estando aberto ata as 12:00 h como mínimo. As respostas que obteñen cando chaman á Policía Local non son satisfactorias e no concello lles informan que están abrindo expedientes sancionadores aos locais que incumpren a normativa, pero que a súa tramitación leva tempo. Ase mesmo manifesta que ata as 11.00 da maña non pasa o servizo de limpeza pola súa rúa e teñen que pasar entre cristais rotos, botellas, etc.

Ante iso requíreselle información do concello que comunica que que nos 5 primeiros meses de 2017, a policía local fixo 140 actas de infracción en materia de horarios, dos que a gran maioría se referían a actuacións dos establecementos da rúa Duquesa de Alba, e dos que a súa resolución pode ter un importante efecto disuasorio para diminuír notoriamente o problema de ruídos e malestar ocasionado á reclamante e ao resto dos veciños.

Ase mesmo o concello comprometeuse a revisar que as actividades dos establecementos, se correspondan coas licencias que teñen outorgadas.

Tras un novo requirimento ao Concello para que remitise información sobre os límites de horarios indicados e o posible fraude en razón da actividade real dos establecementos; sobre o consentimento do funcionamento fraudulento como afters; sobre as medidas para corrixir

definitivamente o tipo de licenzas fraudulentas existentes e adaptalas á realidade, a saturación de locais na rúa e o ruído nela e limpeza da rúa e as medidas para evitala e corrixila, mediante oficio que ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 7 de decembro de 2017, o concello remite copia dos acordos municipais en relación cos expedientes relacionados cos problemas ocasionados polo ocio nocturno que se relacionan a continuación:

- 1) Xunta de goberno local do 27/11/2017
 - a) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios de hostalería o día 12/8/2017, no local sito en Duquesa de Alba 8 coñecido como el Caimán.
 - b) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 13/8/2017, 24/9/2017 e 21/10/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 7 bis - baixo coñecido como pub Goultier
 - c) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 21/10/2017 e o 11/12/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 10 coñecido como Duomo.
 - d) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 21/10/2017 no local sito en Duquesa de Alba, 16 coñecido como Valhalla
 - e) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 5/11/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 56 coñecido como Revolution
 - f) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 5/11/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 45 coñecido como Euphoria Latina
- 2) Xunta de goberno local do 20/11/2017
 - a) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 10/6/2017, 9/7/2017 e 17/7/2017 no local sito en Duquesa de Alba, 14 coñecido como Kviar.
 - b) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 10/6/2017 e o 11/6/2017, 9/7/2017 e 23/7/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 7 bis - baixo coñecido como pub Goultier

- c) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 6/11/2017 no local sito en Duquesa de Alba, 10 coñecido como Duomo
 - d) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 6/11/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 46 coñecido como R.D. Disco
 - e) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 24/6/2017 e 16/7/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 37 - 39 coñecido como Xiros .
 - f) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o 3/7/2017 e 9/7/2017, no local sito en Duquesa de Alba, 56 coñecido como Revolution.
 - g) Incoación de procedemento sancionador por incumprimento de horarios o, no local sito en Duquesa de Alba, 14 coñecido como Kviar
- 3) Xunta de goberno local do 06/11/2017
- a) Imposición de sanción de 300,52 € a [REDACTED] como titular do local sito na rua Duquesa de Alba nº 10 coñecido como Duomo no marco de procedemento sancionador por incumprimento de horarios de apertura o 11/02/2017.
 - b) Imposición de sanción de 300,52 € a [REDACTED] como titular do local sito na rua Duquesa de Alba nº 12 esquerda coñecido como Vagalume no marco de procedemento sancionador por incumprimento de horarios de apertura o 19/02/2017
 - c) Imposición de sanción de 300,52 € a [REDACTED] como titular do local sito na rua Duquesa de Alba nº 16 esquerda coñecido como Valhala marco de procedemento sancionador por incumprimento de horarios de apertura o 12/02/2017.
- 4) Xunta de goberno local do 30/10/2017
- a) Declaración de desistencia de solicitude de licenza definitiva e orde de peche para impedir definitivamente os usos, no marco de expediente de reposición da legalidade urbanística por usos sen licenza, en Duquesa de Alba 37-39 pub xiro.

- 5) Xunta de goberno local do 09/10/2017 2.d). Expedientes de legalización de actividades
- a) Orde de peche por usos sen licenza transcorrido amplamente o prazo concedido para a legalización. Cork (... último titular do local sito en rúa Duquesa de Alba , núm. 18-baixo).
 - b) Orde de peche por usos sen licenza transcorrido amplamente o prazo concedido para a legalización da actividade. Pub Magma. (██████████ titular actual da licenza provisional café concerto do local sito na rúa Duquesa de Alba núm. 16 baixo dereita).
 - c) Subsanación solicitude de licenza definitiva e ampliación prazo máximo para ditar e notificar resolución en Duquesa de Alba nº 45 Euphoria Latina.
- 6) Xunta de goberno local do 02/10/2017 2.a). Expedientes de legalización de actividades.
- a) Orde de peche para impedir definitivamente os usos pois no marco de expediente de reposición da legalidade urbanística por usos sen licenza transcorrido amplamente o prazo concedido para a legalización non tivo entrada neste concello solicitude de licenza definitiva nin Comunicación previa de inicio de actividade. (██████████ ██████████ titular actual da licenza de apertura por cambio de titularidade de pub en Duquesa de Alba nº 10 baixo esquerda. (concedida en xgl de data 17/09/2009)
 - b) Orde de peche para impedir definitivamente os usos pois no marco de expediente de reposición da legalidade urbanística por usos sen licenza transcorrido amplamente o prazo concedido para a legalización non tivo entrada neste concello solicitude de licenza definitiva nin comunicación previa de inicio de actividade. (... titular actual da licenza provisional de discoteca do local sito na rúa Duquesa de Alba nº 57-63)
 - c) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou, no seu defecto, polo prazo concedido (██████████).
 - d) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade

urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou, no seu defecto, polo prazo concedido. ([REDACTED]).

- 7) Xunta de goberno local do 25.09.2017.
- a) . Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou, no seu defecto, polo prazo Concedido. ([REDACTED]) titular actual da licenza provisional de tablao flamenco do local sito na rúa Duquesa de Alba nº 30 fisicamente, nos expedientes do concello consta como nº28).
- b) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou, no seu defecto, polo prazo Concedido. (exercicio da actividade contando unicamente con licenza provisional de café concerto no local sito na rúa Duquesa de Alba nº 12 baixo esquerda, titular actual ([REDACTED]).
- c) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou, no seu defecto, polo prazo Concedido. (exercicio da actividade contando unicamente con licenza provisional de café concerto no local sito na rúa Duquesa de Alba nº 16 baixo esquerda, titular actual [REDACTED] expediente iniciado sendo titular [REDACTED]).
- d) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou , no seu defecto, polo prazo concedido. ([REDACTED]) titular actual da licenza provisional de café concerto dos locais 1 e 2 de Duquesa de Alba, núm. 8 baixo)

- e) Requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e suspensión do prazo para ditar e notificar resolución en expediente de reposición de legalidade urbanística polo tempo que medie entre a notificación de requirimento de subsanación da solicitude de licenza definitiva e o seu efectivo cumprimento ou , no seu defecto, polo prazo concedido. ([REDACTED]) titular actual da licenza provisional de café concerto do local sito na rúa Duquesa de Alba, núm. 37-39 baixo)

A reclamante remite un escrito no que comunica que no mes de decembro o ruído na súa casa dende as 2.00 horas ata as 7.00 da maña facía retumbar os cristais, facendo imposible durmir.

ANÁLISE

O dereito ao medio ambiente, como principio reitor da política social e económica, desenvólvese mediante a lexislación ambiental que prevé os correspondentes mecanismos de control e intervención pública que preveñan, eviten e corrixan os danos ao medio ambiente e á saúde humana que, no seu caso, orixina a actividade humana.

A transgresión deste dereito, neste caso inmisións de contaminación acústica, provenientes de exercicio de actividades en locais de ocio nocturno, alcanzan o interior das vivendas, provocando molestias que inciden na calidade de vida dos seus moradores e que poden chegar a implicar unha intromisión contraria ao dereito constitucional á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns que as soportan, dereitos recollidos no artigo 18 da Constitución Española,

Neste senso, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos na súa xurisprudencia, considera que os poderes públicos deben adoptar medidas razoables e adecuadas ante o incumprimento da normativa en materia de ruídos, ao afectar ao benestar e aos dereitos dos cidadáns e privarlles do seu dereito a gozar no seu domicilio da súa vida privada e familiar.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional delimitou cales son os dereitos constitucionais afectados polo factor de perturbación do desenvolvemento da vida das persoas que, con carácter principal, motiva a queixa, isto é, polo ruído ou contaminación acústica ou polas vibracións indebidas: o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado (art. 45 CE), o dereito á protección da saúde (artigo 43 CE), o dereito á integridade física e moral (art. 15 CE), o dereito á intimidade (art. 18.1 CE) e o dereito á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE).

Toda actividade contaminante, como é a que nos ocupa, debe estar suxeitas a un control administrativo e a unha posterior vixilancia que corresponden aos poderes públicos.

Por tanto existe unha vulneración do dereito á vida privada e familiar e ao goce do domicilio, cando este acreditada a existencia dun dano ambiental, grave e continuado, e as autoridades públicas non tomen as medidas razoables e necesarias para asegurar efectivamente a protección das persoas expostas para os efectos nocivos para o benestar e para a súa saúde.

Esa obrigación de intervención pública é imprescindible para unha correcta protección da vida privada e familiar.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 18.g), non só contempla a protección contra a contaminación acústica como competencia propia dos entes locais, senón que tamén contempla o dereito dos veciños a esixir o exercicio desa competencia, polo que é obrigada a intervención municipal ante os problemas veciñais xurdidos por contaminación acústica.

Todas as administracións públicas están obrigadas, no ámbito das súas respectivas competencias, a protexer os dereitos constitucionais dos cidadáns (art. 53.1 CE) e, por tanto, neste punto concreto dos ruídos que invaden os domicilios dos cidadáns, as administracións han de actuar dun modo eficaz para conseguir o seu recondución aos límites fixados polo ordenamento xurídico.

No caso dos municipios, por ser o primeiro nivel de actuación, así resulta das atribucións competenciais outorgadas pola Lei Reguladora de Bases do Réxime Local. Os municipios gozan para a protección dos dereitos dos cidadáns de diversas potestades, entre as que se atopan as de inspección e sanción, debendo adoptar as medidas correctoras necesarias, con ou sen vinculación a un expediente sancionador e sen prexuízo do seu papel mediador nos casos nos que concorran diversos intereses de veciños, en aras da boa convivencia.

A intervención administrativa debe seguir o principio de legalidade, en canto que todas as actividades susceptibles de provocar molestias por ruído deben cumprir coas esixencias que establece o ordenamento xurídico, e no que a Administración non pode descoñecer a súa obriga de intervención e control, por tratarse de actividades con incidencia no medio ambiente e a saúde das persoas.

Por último, xunto coas esixencias legais mencionadas, a administración debe promover a súa intervención para previr os conflitos que poidan derivar do funcionamento destas actividades mediante medidas de conciliación e mediación axeitadas. Os mecanismos para previr ou resolver os conflitos deben favorecer a información e a participación das persoas interesadas ou afectadas por estas actividades, non esquecendo que a responsabilidade de

adecuar e adaptar o local ás esixencias que require a normativa para o desenvolvemento das actividades de ocio, corresponde á persoa titular ou titulares da actividade.

No presente caso, as actuacións do concello de Monforte de Lemos de iniciación de expedientes sancionadores, imposición de sancións e peche de establecementos de ocio nocturno, poñen de manifesto a vontade desa Administración de garantir os dereitos dos veciños a gozar dunha vida privada sen perturbacións provocadas polo ruído, contaminación acústica ou vibracións indebidas, pero non están a dar o resultado desexado.

O Concello de Monforte de Lemos conta cunha ordenanza reguladora da protección contra a contaminación acústica e por vibracións que establece como zona de moderada sensibilidade as vivendas, nos que os valores de recepción de ruído ambiente (indicación de presión acústica LpAeq) ten os seguintes límites: exterior día 65, noite 55 e interior día 35, noite 30, que parece que non se están a respectar.

CONCLUSIÓN

Por todo ou sinalado agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Monforte de Lemos a seguinte recomendación:

1. Debe garantirse de maneira eficaz e efectiva o dereito da denunciante a un domicilio sen intromisións de ruído. O ordenamento xurídico xa recolle o dereito a gozar da vivenda que constitúa un domicilio libre de ruído sen inmisións acústicas contaminantes que superen os límites máximos recolleitos na normativa. A estes efectos debe comprobarse polo Concello a existencia de dispositivos de control permanente de emisión de ruídos e instaladas as medidas de illamento nos locais que teñan obriga de telos, de acordo coa ordenanza municipal.
2. As administracións públicas teñen a obriga de actuar fronte a calquera alteración da paz familiar e da contorna en que se desenvolve a vida íntima ou privada que constitúan manifestacións de intromisión ilexítima (non consentidas), polo que o Concello debe realizar as actuacións precisas para dar cumprimento á normativa en materia de ruídos, incrementando o control co fin de que se respecten os dereitos dos cidadáns residentes próximos ao lugar dos feitos, cuxa calidade de vida pode atoparse seriamente afectada o foco emisor da contaminación acústica, e adoptando as medidas axeitadas nos casos nos que non se respecten eses dereitos, de acordo co establecido nos títulos V e VIII da ordenanza de contaminación acústica.

3. Ase mesmo, suxíreselle que reorganicen as quendas do servizo de limpeza de forma que se adiante, na medida do posible, a limpeza nos días de maior afluencia de público ás zonas de ocio nocturno.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que se ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo